



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. JOSEFA ALONSO DE ALONSO

Rúa Manuel Comínges, 14 - 36213 Matamá - Vigo - Teléfono:886.12.02.46 - CIF: S8800053F

ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º E. P.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*. A avaliación realizarase conforme o establecido na *Orde do 9 de xuño de 2016* na que se regula a avaliación e promoción do alumnado de primaria.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Para avaliar ó alumnado empregaranse os seguintes **tipos de avaliación**:

Avaliación Inicial. Avaliación imprescindible para determinar os obxectivos, intereses e capacidades e ver ó final do proceso a evolución do alumnado.

Realizarase unha avaliación inicial nas primeiras sesións do curso, comprobaranse os coñecementos previos do alumnado nas diferentes áreas a través da realización dunhas probas escritas e orais nas que se observarán as habilidades que o alumnado ten en lecto-escritura, numeración, cantidades, cálculo mental...



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. JOSEFA ALONSO DE ALONSO

Rúa Manuel Comínges, 14 - 36213 Matamá - Vigo - Teléfono: 886.12.02.46 - CIF: S8800053F

ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es

Formativa e global. Avaliación que proporciona información constante que permite mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa. É unha avaliación orientada a abranguer as distintas dimensións do desenvolvemento persoal do alumno, ó conxunto de capacidades establecidas no programa, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e o seguimento tanto dos procesos de aprendizaxe do alumno/a coma os de ensino.

Final. Permite valorar uns datos ó finalizar o período previsto para lograr aprendizaxes específicas.

Os principais **instrumentos de avaliación** debido á idade do alumnado de 1º será:

- A observación sistemática das actividades, intervencións... realizados diariamente na aula.
- A revisión de cadernos, fichas e caderniños, axeitando os contidos das mesmas ás capacidade do alumnado.
- A realización de traballos axeitados á idade e características do alumnado.
- Gravación en audio ou vídeo dalgunhas das actividades propostas.
- O traballo diario na aula e na casa, o interese e participación nas actividades propostas.
- Recollida de datos significativos no diario de aula.

As porcentaxes para avaliar estes aspectos será:

- Traballo de aula 70%: adquisición de contidos, revisión de cadernos e libros, realización de preguntas orais sobre os temas tratados, observación directa e sistemática...
- Actitude 20%: interese polas actividades realizadas na aula, xeito de afrontar as tarefas sinaladas, resolución de problemas propostos...
- Traballo de casa 10%: remate na casa de actividades comezadas na aula, responsabilidade no traslado de material, lectura diaria...